



Herald Toupeiras • Central Sindical Independente e de Funcionarios



HT
Herald Toupeiras
Estamos X ti



News Semanais

Do 1 de agosto ao 3 de setembro

2016

INDICE:

1. CURSOS DA CSI•F E HOMOLOGADOS POLA EGAP PARA ACTUAR ANTE CASOS DE VIOLENCIA LABORAL FÍSICA, ADICIONS E EMERXENCIAS
2. DEREITOS ELECTORAIS DO PERSOAL AOS SERVIZO DA COMUNIDADE AUTÓNOMA DE GALICIA NAS ELECCIÓNS AO PARLAMENTO DE GALICIA - 25S
3. CONVOCATORIA DE ELECCIÓNS AO PARLAMENTO DE GALICIA E INFORMACIÓN ADICIONAL
4. MIGUEL BORRA, PRESIDENTE DE CSIF: "HAY UNA PARÁLISIS EN LA ADMINISTRACIÓN QUE YA SE EMPIEZA A NOTAR"
5. NOVAS DESTACADAS NAS WEB DE CSI-F NACIONAL E CSI-F AUTONÓMICO
6. NOVAS DOS PROCESOS SELECTIVOS NA ADMINISTRACIÓN XERAL DA XUNTA
7. OFERTA DE EMPREGO PÚBLICO DA UNIVERSIDADE DA CORUÑA
8. OFERTAS PÚBLICAS DE EMPREGO NAS ENTIDADES LOCAIS DE GALICIA
9. CURSOS DA ACADEMIA GALEGA DE SEGURIDADE PÚBLICA PARA PERSOAL DA SEGURIDADE PÚBLICA
10. CONVOCATORIA DE CURSOS DE LINGUAXE ADMINISTRATIVA GALEGA E CURSOS PREPARATORIOS DO CELGA NAS ESCOLAS OFICIAIS DE IDIOMAS
11. CONVOCATORIA DE PROBAS PARA A OBTENCIÓN DOS CELGA 1, 2, 3 E 4
12. OUTRAS NOVAS

QUERES RECIBIR AS NOSAS NOVAS NA TÚA CONTA DE CORREO ELECTRÓNICO?

Se aínda non te inscribiches no apartado de suscripción para recibir as nosas novas e publicacións segue os pasos seguintes:

PASO 1

Accede a web <https://www.heraldtoupeiras.es/>



PASO 2

Na barra dereita da navegación vaite ao espazo "Quieres recibir as novas novas?"



PASO 3



Pon o teu correo electrónico

PASO 4



PASO 5



Aparecerá a seguinte mensaxe agradecendo o rexistro que deberás de confirmar...

... no correo electrónico de inscrición e na que mostrará unha mensaxe que deberás de confirmar a túa suscripción.

1. CURSOS DA CSI•F E HOMOLOGADOS POLA EGAP PARA ACTUAR ANTE CASOS DE VIOLENCIA LABORAL FÍSICA, ADICIONS E EMERXENCIAS

De acordo co convenio de colaboración subscrito o 5 de xaneiro de 2016 entre a Escola Galega de Administración Pública (EGAP) e a nosa organización sindical, para o desenvolvemento de actividades de formación, divulgación e investigación, CSI-F impartirá en setembro e outubro cursos homologados pola EGAP nas catro provincias galegas co obxectivo de mellorar a formación en PRL dos traballadores dos diferentes sectores produtivos de Galicia e empregados públicos.

As referidas actividades contan co financiamento da Xunta de Galicia ao abeiro da orde do 29 de decembro de 2015 de axudas destinadas a accións de fomento de PRL na Comunidade Autónoma para o ano 2016.

A convocatoria destes cursos saíu publicada no DOG o pasado 18 de agosto.

Os cursos programados son os seguintes:

- Defensa persoal profesional para traballadores ante situacións de violencia laboral física.
- Prevenición de riscos laborais derivadas das adicións no traballo.
- Práctica preventiva para a actuación en plans de evacuacións, emerxencias e primeiros auxilios.

O prazo de presentación de solicitudes rematará **o 8 de setembro**; as solicitudes de participación só poderán realizarse mediante o formulario de matrícula telemática dispoñible no enderezo <http://egap.xunta.es/matricula> dende as 08.00 horas da data de inicio do prazo de presentación e ata as 23.55 horas da data de finalización.

As solicitudes entenderanse presentadas unha vez que se complete correctamente o proceso de matriculación. As dúbidas, as dificultades técnicas e as peticións de información complementaria serán atendidas a través dos números de teléfono 981 546 257, 981 546 254, 981 546 335 e do enderezo de correo electrónico xestion.egap@xunta.es

[Máis información preme aquí](#)



Co financiamento de
XUNTA DE GALICIA

PRL
PREVENCIÓN DE RISCOS LABORAIS

CSI-F

CURSO DE DEFENSA PERSOAL PROFESIONAL PARA TRABALLADORES/AS ANTE SITUACIÓNS DE VIOLENCIA LABORAL FÍSICA

CURSO DE PREVENCIÓN DE RISCOS LABORAIS DERIVADOS DAS ADICIONS NO TRABALLO

CURSO PRACTICO PREVENTIVO PARA A ACTUACIÓN EN PLANS DE EVACUACIÓN, EMERXENCIAS E PRIMEIROS AUXILIOS

2. DEREITOS ELECTORAIS DO PERSOAL AOS SERVIZO DA COMUNIDADE AUTÓNOMA DE GALICIA NAS ELECCIÓNS AO PARLAMENTO DE GALICIA - 25S

CONSELLERÍA DE FACENDA - DOG, 5 DE SETEMBRO

Primeiro

1. O persoal ao servizo da Administración da Comunidade Autónoma de Galicia que o día das eleccións non desfrute do seu descanso semanal terá dereito a un **permiso retribuído de ata catro horas libres para exercer o seu dereito ao voto**, sempre que a súa quenda de traballo, o día 25 de setembro de 2016, coincida, polo menos en catro horas, co tempo en que permanecerán abertas as mesas electorais. Cando o traballo se preste en xornada reducida, efectuarase a correspondente redución proporcional do permiso.

2. O persoal ao servizo da Administración pública de Galicia que teña previsto que na data da votación non se atopará na localidade onde lle corresponde exercer o seu dereito ao voto, ou que non poida exercer o dereito de sufraxio o día das eleccións, disporá, no seu horario laboral, de **ata catro horas libres para que poida formular persoalmente a solicitude de certificación acreditativa da súa inscrición no censo**, que se recolle no artigo 72 da Lei orgánica 5/1985, do 19 de xuño, de réxime electoral xeral, así como para a remisión do voto por correo.

Segundo

1. O persoal nomeado presidenta/e ou vogal de mesas electorais e os/as que acrediten a súa condición de interventoras/res teñen dereito, durante o día da votación, a un **permiso retribuído de xornada completa** se non desfrutan en tal data de descanso semanal, e a unha redución da súa xornada de traballo de cinco horas o día inmediatamente posterior.

2. Os que acrediten a súa condición de apoderados/as teñen dereito a un **permiso retribuído durante o día da votación**, se non desfrutan nese día de descanso semanal.

3. A acreditación do persoal nomeado presidenta/e ou vogal de mesas electorais ou da condición de interventoras/es ou de apoderados/as realizarase mediante a presentación da oportuna xustificación documental na correspondente dirección ou xefatura de persoal.

Terceiro

O persoal ao servizo da Administración pública de Galicia que se presente como candidato/a ás eleccións que terán lugar o vindeiro 25 de setembro **poderá ser dispensado**, logo da súa solicitude, **da prestación do servizo nas súas respectivas unidades durante a campaña electoral**; é dicir, desde as cero horas do venres 9 de setembro de 2016 ata as vinte e catro horas do venres 23 de setembro de 2016. A competencia para a concesión do referido permiso corresponderalle á secretaría xeral técnica de cada consellería.

Cuarto

As direccións ou xefaturas de persoal das dependencias onde prestan os seus servizos as persoas afectadas por esta orde esixiranlles a estas os oportunos xustificantes expedidos polas mesas electorais de que foi exercido o seu dereito ao voto.



3. CONVOCATORIA DE ELECCIÓNS AO PARLAMENTO DE GALICIA E INFORMACIÓN ADICIONAL

| Setembro | | | | | | |
|----------|----|----|----|----|----|----|
| Lu | Ma | Mi | Ju | Vi | Sa | Do |
| | | | 1 | 2 | 3 | 4 |
| 5 | 6 | 7 | 8 | 9 | 10 | 11 |
| 12 | 13 | 14 | 15 | 16 | 17 | 18 |
| 19 | 20 | 21 | 22 | 23 | 24 | 25 |
| 26 | 27 | 28 | 29 | 30 | | |

O Diario Oficial de Galicia publica o DECRETO 92/2016, do 1 de agosto, de disolución do Parlamento de Galicia e de convocatoria de eleccións.

DISOLUCIÓN DO PARLAMENTO GALEGO: **21 de outubro.**

DATA DE ELECCIÓNS: **25 de setembro.**

NÚMERO DE DEPUTADOS POR PROVINCIAS:

A Coruña: 25. Lugo: 14. Ourense: 14. Pontevedra: 22.

CAMPAÑA ELECTORAL: durará quince días. Comezará ás cero horas do venres día nove de setembro e finalizará ás vinte e catro horas do venres día vinte e tres de setembro.

[PRESIDENCIA DA XUNTA - DOG, 2 DE AGOSTO](#)

Decreto 92/2016, do 1 de agosto, de **disolución do Parlamento** de Galicia e de **convocatoria de eleccións**.

[VICEPRESIDENCIA E CONS. PRESIDENCIA, AA.PP E XUSTIZA - DOG, 2 DE AGOSTO](#)

Decreto 94/2016, do 1 de agosto, polo que se establecen as **normas sobre os medios materiais** que se utilizarán nas eleccións ao Parlamento de Galicia de 2016.

[VICEPRESIDENCIA E CONS. PRESIDENCIA, AA.PP E XUSTIZA - DOG, 2 DE AGOSTO](#)

Decreto 95/2016, do 1 de agosto, polo que se fixan as **gratificacións e indemnizacións** que percibirán os membros da Administración electoral en Galicia e o persoal ao seu servizo, os xuíces de primeira instancia ou de paz, representantes da Administración da Comunidade Autónoma nas mesas electorais, así como o persoal da Xunta de Galicia, co gallo das eleccións ao Parlamento de Galicia de 2016.

[CONSELLERÍA DE FACENDA - DOG, 3 DE AGOSTO](#)

Orde do 2 de agosto de 2016 pola que se fixan as cantidades actualizadas das **subvencións por gastos electorais** para as eleccións ao Parlamento de Galicia que se celebrarán o día 25 de setembro de 2016.

[VICEPRESIDENCIA E CONS. PRESIDENCIA, AA.PP E XUSTIZA - DOG, 30 DE AGOSTO](#)

Resolución do 29 de agosto de 2016 pola que se fan públicas as **candidaturas proclamadas** polas xuntas electorais provinciais da Coruña, Lugo, Ourense e Pontevedra para as eleccións ao Parlamento de Galicia de 2016.

[CONSELLERÍA DE ECONOMÍA, EMPREGO E INDUSTRIA - DOG, 2 DE SETEMBRO](#)

Orde do 23 de agosto de 2016 pola que se regula o **exercicio do dereito ao voto das persoas traballadoras por conta allea** nas eleccións ao Parlamento de Galicia, convocadas para o día 25 de setembro de 2016 polo Decreto 92/2016, do 1 de agosto, de disolución do Parlamento de Galicia e de convocatoria de eleccións.

4. MIGUEL BORRA, PRESIDENTE DE CSIF: "HAY UNA PARÁLISIS EN LA ADMINISTRACIÓN QUE YA SE EMPIEZA A NOTAR"

El presidente de CSIF reclama a los partidos que favorezcan un acuerdo



El presidente de la Central Sindical Independiente y de Funcionarios (CSIF), Miguel Borra, advirtió hoy de que la situación política genera "una parálisis en la Administración que ya se empieza a notar". "En los ministerios está todo el mundo en funciones y nadie quiere tomar ninguna determinación", destacó en una entrevista en **Radio Intereconomía**.

Según dijo, en ministerios como Sanidad o Educación "hace meses que no se produce ninguna reunión para tratar los temas que de verdad interesan a los empleados públicos y en términos generales a la población".

"En el debate de investidura hemos visto a los políticos como se les llenaba la boca del Pacto por la Educación o el Estatuto del Personal Docente, cuestiones que llevamos reclamando desde hace mucho tiempo. Pero señores, para hacer un maratón hay que dar un primer paso y en este momento nos encontramos que los políticos no se han puesto siquiera el pantalón corto", aseveró.

Borra recordó que nos encontramos en una situación totalmente anómala porque en el caso de que se prorroguen los presupuestos nos enfrentaremos a 2015 con unas cuentas diseñadas en verano de 2015, un año con unas connotaciones económicas. Esto afectará no solo a las retribuciones de los empleados públicos sino también a las plantillas y por extensión a la calidad de los servicios que reciben los ciudadanos.

Según el presidente de CSIF, las urnas han determinado por dos veces que no hay mayoría absoluta y que por tanto los partidos políticos se tienen que poner de acuerdo. Sin embargo, Borra cree que en el debate se "están primando más los intereses de algunos líderes, frente a los intereses generales de todos los españoles".

"La situación de bonanza económica en la que empezamos a estar tiene un inercia, pero desde las administraciones públicas, a través de sus medidas, la pueden favorecer o bien, poner palos en las ruedas", concluyó.

[ENTREVISTA MIGUEL BORRA INTERECONOMIA.mp3](#)

5. NOVAS DESTACADAS NAS WEB DE CSI-F NACIONAL E CSI-F AUTONÓMICO

[El curso escolar comienza con la incertidumbre de la LOMCE, déficit en las plantillas y falta de presupuesto](#)

CSIF reclama un acuerdo político que permita ampliar las plantillas y el presupuesto en Educación

Las plantillas de las universidades pierden 7.711 personas en el periodo 2012-2016

Un total de 203.300 profesionales del sector educativo (entre ellos muchos interinos de la enseñanza pública cesados sin cobrar el verano) dieron de baja en la Seguridad Social ...



[Datos del Paro. CSIF reclama un acuerdo de investidura que permita aprobar la oferta de empleo público de 2017](#)

Las Administración y el sector educativo pierden un total de 59.874 empleos en agosto

CSIF lamenta las cifras de paro publicadas hoy puesto, que evidencian el carácter estacional y la precariedad de los nuevos contratos de trabajo y por tanto, la debilidad de las políticas de empleo y del sistema productivo de España.

[CSIF se solidariza con el pueblo italiano tras el terrible terremoto](#)

CSIF quiere mostrar su solidaridad con las víctimas del seísmo que ha sacudido el centro de Italia y sumarse a las condolencias para los familiares de los fallecidos. Asimismo desea una pronta recuperación de las personas y de la zona afectada.



[CSIF reclama un Gobierno estable que permita diseñar la oferta de empleo público para el próximo año](#)

Las administraciones públicas pierden 23.200 empleos en el último trimestre, contra la tendencia general de crecimiento.

La Central Sindical Independiente y de Funcionarios (CSIF), sindicato más representativo en las administraciones públicas y con presencia creciente en el sector privado, valoró de manera positiva el descenso del paro conocido hoy, si bien, las cifras de desempleo siguen siendo dramáticas, así como la calidad de los puestos de trabajo de nueva creación.



[Gobierno en funciones: efectos en las Administraciones Públicas](#)

¿Cómo afecta en el día a día la falta de Gobierno en las Administraciones Públicas?

La Sexta emitió el pasado viernes un reportaje sobre hasta qué punto repercute en las administraciones públicas el hecho de que el Gobierno en funciones no pueda legislar.





[CSI-F alcanza un acuerdo con la Xunta para el reconocimiento de la categoría de Bombero Forestal, segunda actividad, funcionarización y OPE's](#)

Se retira el término peón, se pactan ope's para los próximos 4 años, en 2017 comenzará el proceso de funcionarización y el desarrollo de la segunda actividad será total en 2018.

[Proposta de acordo entre os sindicatos e a Xunta sobre os Bombeiros Forestais e a súa segunda actividade](#)

Proposta de acordo entre as organización sindicais do SPDCIF e a Xunta de Galicia sobre os Bombeiros Forestais e a súa segunda actividade remitida pola Dirección Xeral de Función Pública, que irá na orde do día da Comisión de Persoal do próximo 5 de setembro:



[Acuerdo del SPDCIF para la categoría de bomberos forestal, funcionarización y segunda actividad](#)

CSIF INFORMA: Los sindicatos y Función Pública hemos alcanzado hoy un acuerdo respecto al reconocimiento de la categoría de Bombero Forestal, funcionarización, segunda actividad y Ofertas Públicas de Empleo en el SPDCIF. Finalmente hemos logrado que se retire el término peón en la categoría de BOMBERO FORESTAL. Además, alcanzamos el compromiso de que en los [...]

[Xuntanza para tratar a proposta de acordo sobre bombeiros forestais e a súa segunda actividade](#)

A Dirección de Xeral de Función Pública ven de convocar unha xuntanza o vindeiro luns, 29 de agosto, ás 13.00 horas, na Sala de Xuntas da Consellería de Facenda para abordar a proposta de acordo sobre bombeiros forestais e a súa segunda actividade.



[Protesta dos traballadores do SPDCIF o 1 de setembro pola falta de medios, as condicións precarias e a inestabilidade laboral](#)

As organización sindicais CSI•F, CIG, CCOO, e UGT denuncian a situación de emerxencia que o goberno da Xunta levou ó Servizo Público de Defensa Contra Incendios Forestais (SPDCIF), co desmantelamento paulatino do SPDCIF a través das súas políticas de disgregación dunha parte do dispositivo e a privatización doutra.

[CSI-F impartirá cursos homologados para actuar ante casos de violencia laboral física, adicións e emerxencias](#)

A Central Sindical Independente e de Funcionarios (CSI-F) impartirá en setembro e outubro cursos nas catro provincias galegas co obxectivo de mellorar a formación en PRL dos traballadores, en especial dos empregados públicos. A convocatoria dos mesmos saíu hoxe publicada no DOG e o prazo de presentación de solicitudes finalizará o 8 de setembro.





[CSI-F organiza cursos de PRL homologados pola EGAP para persoal do Consorcio de I+B](#)

A Central Sindical Independente e de Funcionarios (CSI-F) impartirá en setembro e outubro cursos nas catro provincias galegas co obxectivo de mellorar a formación en PRL do persoal de escolas infantís, centros de día e residencias de maiores, etc, preferentemente do Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar. A convocatoria dos mesmos saíu hoxe publicada no DOG. [...]

[Nota informativa da Comisión de Personal do pasado 9 de agosto](#)

COMISIÓN DE PERSOAL (EXTRAORDINARIA), do 9 DE AGOSTO DE 2016 1.- Proxecto de Orde pola que se regula o procedemento de cobertura temporal de postos de persoal funcionario sanitario da Escala de saúde pública e de administración sanitaria (Lei 17/1989, do 23 de outubro).



[Reclamamos un modelo de prevención e loita contra o lume que sexa público e que poña fin á privatización e á precariedade do servizo](#)

Instamos á Xunta que abra de xeito inmediato unha mesa de negociación para que Galicia "deixe de ser triste apertura das portada dos medios" debido as vagas de lumes.

[Proposta de Acordo de Integración do persoal do Consorcio de I+B](#)

Proposta de Acordo entre a Xunta de Galicia e as organizacións sindicais...de integración do persoal do Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar no Convenio colectivo único do persoal laboral da Xunta de Galicia.

O Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar é unha entidade de dereito público de carácter interadministrativo creado en [...]



[O borrador de acordo do Consorcio de I+B incluírá a adhesión ao V Convenio e a integración do seu persoal na Xunta](#)

ÚLTIMA HORA. Anuncio da Dirección Xeral de Función Pública na Comisión de Persoal de hoxe: Entre hoxe e mañá nos farán chegar ás forzas sindicais un borrador do acordo para o Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar, que incluírá, como mínimo, os seguintes puntos:

[O peso do voto dos empregados públicos forza á Xunta a adiantar o pago das extras: así o conta a prensa](#)

A práctica totalidade dos medios de comunicación en Galicia recolleron a exclusiva de CSI-F sobre o adiamento do abono neste mes de agosto dos restos das pagas extras pendentes de 2012 e 2013.





[Resumo numérico do Concurso de Traslados F0115](#)

Informamos do resumo numérico do Concurso de Traslados F0115 de Administración Xeral facilitado pola Dirección Xeral de Función Pública: Prazas ofertadas

[Borradores das listas de agarda do Consorcio de I+B](#)

Publicamos o borrador da proposta para o proceso de actualización e ampliación das listas de agarda do Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar así como o borrador de modificación das bases que actualmente están vixentes co obxecto de adaptalas ás circunstancias actuais, pendente de negociar aspectos como o ámbito territorial na primeira semana de [...]



[Mesa xeral de negociación de empregados públicos do 4 de agosto](#)

MESA XERAL DE NEGOCIACIÓN DE EMPREGADOS PÚBLICOS (EXTRAORDINARIA) (4/08/2016) con informacións de interese xeral no apartado de rogos e preguntas. Tratáronse os seguintes temas: 1.- Proxecto de decreto polo que se modifican as normas reguladoras do Instituto Enerxético de Galicia e se aproba o Estatuto da Axencia Instituto Enerxético de Galicia.

[CSI-F tacha de "miserable" la propuesta de la Xunta sobre la categoría de Bombero Forestal](#)

La Xunta nos acaba de remitir la última propuesta de acuerdo sobre la categoría de Bombero Forestal que pretende llevar a Comisión de Personal el próximo martes, 9 de agosto. Lejos de atender a las alegaciones presentadas por CSI-F, nos remite una propuesta sin apenas cambios:



[Modelo de solicitude de pagamento das pagas extraordinarias de 2013](#)

MODELO PARA A SOLICITUDE DE PAGAMENTO DOS IMPORTES DEIXADOS DE PERCIBIR POLO PERÍODO 01 DE XANEIRO AO 28 DE FEBREIRO DE 2013 SEGUNDO A LEI 2/2013 DE ORZAMENTOS XERAIS DA COMUNIDADE AUTÓNOMA DE GALICIA ANO 2013.

[A Xunta devolverá coa nómina de agosto os restos das pagas extras de 2012 e 2013](#)

DEVOLVERÁ O ÚLTIMO 25% PENDENTE DA PAGA EXTRA DO 2012 E A PARTE PROPORCIONAL DO COMPLEMENTO ESPECÍFICO OU PAGA EQUIVALENTE CORRESPONDENTE OS MESES DE ENERO E FEBREIRO DO 2013 A pesares do manifestado na Mesa Xeral de onte polo Director Xeral de Función Pública respecto a que non tiña información acerca do abono das pagas [...]





Datos do Concurso de Traslados da Admón. Xeral

Datos do Concurso de Traslados F0115, (convocado pola Resolución do 19 de maio de 2015, DOG do 20.05.2015) e publicado no DOG o 26 de xullo de 2016 (Resolución do 20 de xullo de 2016). Fonte: Dirección Xeral de Función Pública

Consortio de I+B: CSI-F esixe prazos concretos para a equiparación salarial e laboral

Reunión entre a Dirección Xeral de Función Pública, a Xerencia do Consortio E as OO.SS (29/07/2016).

Aclaración da personalidade xurídica do Consortio e os efectos para os traballadores: Por parte do Director Xeral de Función Pública se aclara que o Acordo asinado entre a Xunta e a Fegamp ten só efectos económicos e de financiamento [...]



6. NOVAS DOS PROCESOS SELECTIVOS NA ADMINISTRACIÓN XERAL DA XUNTA

| FUNCIONARIOS: CORPOS XERAIS e ESCALAS | | | |
|---------------------------------------|----|---|---|
| Acceso libre e Promoción Interna | A1 | Superior de FINANZAS | Orde do 29 de xullo de 2016 pola que se amplía o prazo de realización do terceiro exercicio. |
| | A1 | Corpo SUPERIOR | Resolución do 26 de xullo de 2016, pola que se dá publicidade a diversos acordos . Orde do 22 de xullo de 2016 pola que se amplía o prazo de realización do segundo exercicio. |
| | A2 | Corpo XESTIÓN | Orde do 29 de xullo de 2016 pola que se amplía o prazo de realización do segundo exercicio. Resolución do 29 de xullo de 2016, pola que se dá publicidade a diversos acordos . |
| | C1 | Corpo ADMINISTRATIVO | <u>Corrección de erros nas puntuación e publicación das novas puntuacións</u> Resolución do 28 de xullo de 2016, pola que se dá publicidade a diversos acordos . Orde do 22 de xullo de 2016 pola que se amplía o prazo de realización do segundo exercicio |
| | C2 | Corpo AUXILIAR ADMINISTRATIVO | Orde do 1 de agosto de 2016 pola que se amplía o prazo de realización do segundo exercicio Resolución do 28 de xullo de 2016, pola que se dá publicidade a diversos acordos |

7. OFERTA DE EMPREGO PÚBLICO DA UNIVERSIDADE DA CORUÑA

UNIVERSIDADE DA CORUÑA - DOG, 3 DE AGOSTO

Resolución do 22 de xullo de 2016 pola que se publica a oferta de emprego público do persoal de administración e servizos para o ano 2016.

ANEXO I: Acceso libre:

| Escalas | Subgrupo | Nº de prazas | Sistema xeral | Persoas con discapacidade xeral |
|---|----------|--------------|---------------|---------------------------------|
| Escala administrativa da Universidade da Coruña | C1 | 3 | 2 | 1 |
| Escala de axudantes de arquivos, bibliotecas e museos da Universidade da Coruña | A2 | 1 | 1 | 0 |

ANEXO II: Promoción interna:

| Escala | Subescala | Nº de prazas | Sistema xeral | Persoas con discapacidade xeral | Persoas con discapacidade intelectual |
|--|----------------------|--------------|---------------|---------------------------------|---------------------------------------|
| Escala de xestión da U. da Coruña | - | 25 | 23 | 2 | 0 |
| Escala administrativa da U. da Coruña | - | 37 | 34 | 3 | 0 |
| Escala de facultativos de arquivos, bibliotecas e museos da U. da Coruña | - | 31 | 29 | 2 | 0 |
| Escala de axudantes de arquivos, bibliotecas e museos da U. da Coruña | - | 36 | 33 | 3 | 0 |
| Escala técnica de especialistas da U. da Coruña | Conductor | 3 | 3 | 0 | 0 |
| | Conserxe | 17 | 17 | 0 | 0 |
| | Correos | 1 | 1 | 0 | 0 |
| | Mantementos | 2 | 2 | 0 | 0 |
| | Mariñeiro | 1 | 1 | 0 | 0 |
| | Socorrista | 2 | 2 | 0 | 0 |
| Escala técnica auxiliar da U. da Coruña | Auxiliar de servizos | 59 | 54 | 1 | 4 |
| | Telefonista | 9 | 8 | 1 | 0 |
| | Vixilante | 1 | | | |

8. OFERTAS PÚBLICAS DE EMPREGO NAS ENTIDADES LOCAIS DE GALICIA

| Concello | Boletín | Data | Denominacións dos postos | Nº | Sistema de selección | Prazo |
|-----------------------------------|---------|------|---|--|--|------------------------------|
| A Rúa | DOG | 17-A | Auxiliar Admón. xeral | 1 | OEP-2016 | |
| Moaña | DOG | 30-A | Persoal funcionario OEP 2106 | | Concurso e oposición | 20 días naturais public. BOE |
| Pereiro de Aguiar | DOG | 24-A | Administrativo contable | 1 | Concurso e oposición | 20 días naturais public. BOE |
| Pontevedra | BOE | 17-A | Policía local: Intendente Policía local: Inspector Policía local: Oficial Policía local: Policía | 1 2 3 3 | Concurso e oposición. Méritos. Oposición. | 20 días naturais |
| Pontevedra | BOE | 19-A | Administrativo Auxiliar Subalterna Bombeiro-condutor Mestre electricista Mestre de obras Oficial electricista Oficial albanel Oficial de obras Oficial carpinteiro Sepulteiro | 9 3 3 3 2 1 1 1 1 2 1 1 | Oposición Concurso e oposición restrinxido por promoción interna | 20 días naturais |

9. CURSOS DA ACADEMIA GALEGA DE SEGURIDADE PÚBLICA PARA PERSOAL DA SEGURIDADE PÚBLICA

[AGASP - DOG, 4 DE AGOSTO](#)

Resolución do 21 de xullo de 2016 polo que se convocan cursos de formación continua para o persoal da seguridade pública que traballa en Galicia.

PRAZO: do 27 de agosto ao 5 de setembro de 2016.

ANEXO II

| Código | Denominación | Hrs. | Prazas | Data comezo | Data remate |
|--------|---|------|--------|-------------|-------------|
| 161117 | Documentación de condutores e vehículos | 20 | 25 | 12.9.2016 | 14.9.2016 |
| 161123 | Videovixilancia e actividade policial | 8 | 30 | 12.9.2016 | 12.9.2016 |
| 161118 | Autocad | 25 | 30 | 14.9.2016 | 28.9.2016 |
| 161119 | Competencias emocionais para profesionais dos corpos e forzas de seguridade | 16 | 25 | 14.9.2016 | 15.9.2016 |
| 161121 | Delitos contra a seguridade viaria: casuística e instrución de atestados | 25 | 25 | 19.9.2016 | 21.9.2016 |
| 161122 | Protección de datos e actividade policial | 8 | 30 | 19.9.2016 | 19.9.2016 |

| Código | Denominación | Hrs. | Prazas | Data comezo | Data remate |
|--------|---|---|--------|-------------|-------------|
| 161124 | Vitimoloxía | 8 | 30 | 22.9.2016 | 22.9.2016 |
| 161125 | Desa | 8 | 16 | 26.9.2016 | 26.9.2016 |
| 161132 | Localización, navegación e rescate en vehículos 4 x 4 | 16 | 16 | 26.9.2016 | 27.9.2016 |
| 161134 | Prevenção de riscos nas probas deportivas de motor * | 8 | 20 | 28.9.2016 | 28.9.2016 |
| 161135 | Prevenção de riscos nas probas deportivas de motor * | 8 | 20 | 29.9.2016 | 29.9.2016 |
| 161143 | Investigación de sinistros viarios con fuga | 20 | 25 | 3.10.2016 | 5.10.2016 |
| 161147 | Protección a vítimas de delitos violentos | 20 | 20 | 3.10.2016 | 5.10.2016 |
| 161148 | Reformas do código penal | 20 | 25 | 4.10.2016 | 6.10.2016 |
| 161149 | Eficacia nos equipos policiais | 25 | 25 | 4.10.2016 | 28.10.2016 |
| 161150 | Avanzado de reconstrución de accidentes de tráfico* | 65 | 25 | 6.10.2016 | 24.11.2016 |
| 161151 | A actuación policial: colaboración para unha xustiza eficaz | 25 | 25 | 10.10.2016 | 24.10.2016 |
| 161152 | Comercio interior e consumo | 16 | 25 | 10.10.2016 | 11.10.2016 |
| 161153 | Fotografía policial operativa | 32 | 20 | 10.10.2016 | 18.10.2016 |
| 161155 | Redución de persoas violentas e/ou baixo a influencia do alcohol ou as drogas | 12 | 20 | 19.10.2016 | 20.10.2016 |
| 161156 | Trafico ilícito de vehículos* | 20 | 25 | 24.10.2016 | 26.10.2016 |
| 161157 | Estranxaría | 25 | 25 | 25.10.2016 | 27.10.2016 |
| 161158 | Aplicación e páxinas web de tráfico | 20 | 25 | 26.10.2016 | 28.10.2016 |
| 161159 | Inspección policial de establecementos públicos e actividades recreativas | 20 | 25 | 2.11.2016 | 4.11.2016 |
| 161160 | Control de drogas | 15 | 20 | 7.11.2016 | 8.11.2016 |
| 161161 | Intervención en inmobles | 20 | 16 | 8.11.2016 | 17.11.2016 |
| 161142 | Delitos máis cometidos na práctica | 20 | 25 | 9.11.2016 | 11.11.2016 |
| 161141 | Contaminación acústica e medición de ruídos | 20 | 25 | 14.11.2016 | 16.11.2016 |
| 161140 | Igualdade. Non discriminación. Inclusión social | 15 | 25 | 21.11.2016 | 22.11.2016 |
| 161139 | Controis policiais | 21 | 20 | 21.11.2016 | 23.11.2016 |
| 161138 | Inspección de obras | 20 | 25 | 22.11.2016 | 24.11.2016 |
| 161137 | A inspección ocular | 21 | 20 | 28.11.2016 | 30.11.2016 |
| 161136 | Delitos de odio | 20 | 25 | 28.11.2016 | 30.11.2016 |
| 161131 | Control de licenzas de establecementos públicos | 16 | 25 | 30.11.2016 | 1.12.2016 |
| 161126 | Binomios policiais | 12 | 12 | 1.12.2016 | 2.12.2016 |
| 161127 | Organización da seguridade de eventos deportivos e de ocio | 8 | 20 | 5.12.2016 | 5.12.2016 |
| 161128 | Violencia de xénero. Actuación policial | 20 | 25 | 12.12.2016 | 14.12.2016 |
| 161129 | Prostitución, trata de brancas, pornografía infantil | 21 | 25 | 13.12.2016 | 15.12.2016 |
| 161130 | Venda ambulante | 16 | 25 | 14.12.2016 | 15.12.2016 |
| 161097 | Patrón de embarcacións de recreo (PER)* | 50 | 20 | 23.11.2016 | 25.11.2016 |
| | Mediación policial: básico e especialización | Pendente establecemento datas. Publicaranse na páxina web da Agasp. | | | |

Os cursos marcados con * teñen requisitos específicos de selección.

10. CONVOCATORIA DE CURSOS DE LINGUAXE ADMINISTRATIVA GALEGA E CURSOS PREPARATORIOS DO CELGA NAS ESCOLAS OFICIAIS DE IDIOMAS

CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E O.U - DOG, 19 DE AGOSTO

Orde do 4 de agosto de 2016 pola que se convocan, con carácter gratuíto, cursos de linguaxe administrativa galega e cursos preparatorios para os certificados de lingua galega, Celga, que se realizarán en distintos períodos e en varias escolas oficiais de idiomas de Galicia.

Persoas beneficiarias dos cursos

A) Os **cursos de linguaxe administrativa galega** de nivel medio e superior van dirixidos aos/ás empregados/as públicos/as da Administración autonómica, da Administración local e da Administración periférica do Estado na Comunidade Autónoma de Galicia, exceptuando o persoal docente da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria e o persoal sanitario, non entendendo por tales os empregados públicos da escala de saúde pública e Administración sanitaria creada pola Lei 17/1989, do 23 de outubro, de creación de escalas de persoal sanitario ao servizo da Comunidade Autónoma de Galicia.

B) Os **cursos preparatorios para os certificados de lingua galega, Celga**, poderán ser solicitados por todas as persoas maiores de dezaseis anos, ou aquelas que os fagan no ano natural da convocatoria, que desexen preparar as probas convocadas pola Secretaría Xeral de Política Lingüística para certificar a súa competencia en lingua galega.

SOLICITUDES E PRAZOS

O prazo para a presentación das solicitudes abranguerá desde o día seguinte á data de publicación da presente orde no *Diario Oficial de Galicia* **ata o 9 de setembro de 2016**, para os cursos do primeiro cuadrimestre (outubro-xaneiro); e **desde o 12 de decembro de 2016 ata o 2 de xaneiro de 2017**, para os cursos do segundo cuadrimestre (febreiro-maio).

Lembramos que a realización do curso de preparación da proba CELGA non dará dereito a ningún tipo de certificación, por tratarse dun curso preparatorio para as probas conducentes á obtención dos certificados de lingua galega Celga, cuxa expedición lle compete á Secretaría Xeral de Política Lingüística.

11. CONVOCATORIA DE PROBAS PARA A OBTENCIÓN DOS CELGA 1, 2, 3 E 4

CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E O.U - DOG, 18 DE AGOSTO

Resolución do 11 de xullo de 2016, da Secretaría Xeral de Política Lingüística, pola que se convocan as probas para a obtención dos certificados de lingua galega, niveis Celga 1, 2, 3 e 4, no ano 2016

PERSONAS DESTINATARIAS.

Maiores de 16 anos, ou que os cumpran antes de finais do ano 2016, nacionais ou estranxeiras.

DATAS DE REALIZACIÓN DAS PROBAS.

Celga 4: 5 de novembro de 2016. Celga 2: 6 de novembro de 2016. Celga 3: 12 de novembro de 2016. Celga 1: 13 de novembro de 2016.

SOLICITUDES E PRAZO

As solicitudes deberán presentarse preferiblemente por vía electrónica a través do formulario normalizado dispoñible no seguinte enderezo <https://sede.xunta.es> e o prazo é **dun mes**.

12. OUTRAS NOVAS

[PRESIDENCIA DA XUNTA - DOG, 2 DE AGOSTO](#)

Lei 15/2016, do 28 de xullo, do **Plan galego de estatística 2017-2021**

[CONSELLERÍA DE FACENDA - DOG, 2 DE AGOSTO](#)

Decreto 93/2016, do 21 de xullo, polo que se regula a **Comisión de Nóminas**.

[VICEPRESIDENCIA E CONS. PRESIDENCIA, AA.PP E XUSTIZA - DOG, 25 DE AGOSTO](#)

Decreto 118/2016, do 4 de agosto, polo que se crea o **Instituto Galego do Consumo e da Competencia** e se aproban os seus estatutos.

[CONSELLERÍA DE FACENDA - DOG, 5 DE AGOSTO](#)

Anuncio do 3 de agosto de 2016 polo que se lle dá publicidade á apertura do prazo para solicitar a **retribución de carácter extraordinario prevista na Lei 7/2016** e o importe pendente de percibir establecido na disposición adicional décimo cuarta da Lei 12/2015.

[VICEPRESIDENCIA E CONS. PRESIDENCIA, AA.PP E XUSTIZA - DOG, 8 DE AGOSTO](#)

Orde do 15 de xullo de 2016 pola que se establecen os **modelos normalizados de impugnación da resolución de asistencia xurídica gratuíta, de insostibilidade da pretensión e de queixas e denuncias**.

[CONSELLERÍA DE FACENDA - DOG, 2 DE AGOSTO](#)

Resolución do 22 de xullo de 2016 pola que se ordena a publicación do Acordo do Consello da Xunta de Galicia do 21 de xullo de 2016 polo que se aproba a **RPT da Consellería de Política Social**.

[EGAP - DOG, 2 DE AGOSTO](#)

Resolución do 21 de xullo de 2016 pola que se convoca un **curso de prevención de riscos laborais nivel básico** para empregados públicos, traballadores por conta allea ou autónomos, empresarios e aquelas persoas con inquietudes no ámbito da prevención de riscos laborais.

CURSO: Prevención de riscos laborais. Nivel básico. ISSGA

PRAZO: Ata o 5 de setembro de 2016.

[EGAP - DOG, 17 DE AGOSTO](#)

Resolución do 6 de agosto de 2016 pola que se convocan as actividades de formación de conformidade co convenio de colaboración asinado coa Central Sindical Independiente y de Funcionarios de Galicia (CSIF-Galicia).

[EGAP - DOG, 25 DE AGOSTO](#)

Resolución do 20 de xullo de 2016 pola que se convoca o **III Foro de emprego público** Temas de actualidade: tendencias e perspectivas poscrise, desenvolvemento autonómico, a negociación colectiva, o directivo público profesional e instrumentos de mellora na xestión de e para as persoas.

PRAZO: ata O 13 de setembro de 2016.

[EGAP - DOG, 25 DE AGOSTO](#)

Resolución do 6 de agosto de 2016 pola que se convoca un **curso sobre a reforma do procedemento administrativo común das administracións públicas e do réxime xurídico do sector público** e a súa incidencia no funcionamento das institucións de control externo para persoal do Consello de Contas de Galicia.

PRAZO: Ata o 5 de setembro de 2016.

[CONSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL - DOG, 4 DE AGOSTO](#)

Orde do 20 de xullo de 2016 pola que se crea a **tarxeta acreditativa do grao de discapacidade** e se regula o procedemento para a súa obtención.

[MINISTERIO DE EMPLEO Y SEGURIDAD SOCIAL - BOE, 30 DE JULIO](#)

Real Decreto 311/2016, de 29 de julio, por el que se modifica el Real Decreto 1561/1995, de 21 de septiembre, **sobre jornadas especiales de trabajo, en materia de trabajo nocturno**.

[MINISTERIO DE EMPLEO Y SEGURIDAD SOCIAL - BOE, 2 SEPT.](#)

Proceso selectivo de 10 plazas, por el sistema general de acceso libre, en la **Escala de Titulados Superiores** del Instituto Nacional de Seguridad e Higiene en el Trabajo.

Plazo: 20 días naturales

[MINISTERIO DE AGRICULTURA, ALIMENTACIÓN Y M.A. - BOE, 2 SEPT.](#)

Proceso selectivo de 6 plazas por el sistema general de acceso libre y 10 por el sistema de promoción interna, en la **Escala de Técnicos Facultativos Superiores** de Organismos Autónomos del Ministerio de Agricultura, Pesca y Alimentación.

Plazo: 20 días naturales



CSI-F Unión Provincial A Coruña
Rúa Bugallal Marchesi, 5 - Entre chan, der.
15008 A Coruña
Tel. 981 134 113
Fax: 981 060 324
coruna@csi-f.es

CSI-F Unión Autonómica Galicia
Rúa do Valiño, 65 - baixo
15707 Santiago de Compostela
Tel. 981 560 951 Fax: 981 575 140
galicia@csi-f.es

CSI-F Unión Provincial Lugo
Rúa Conde, 2 - Baixo posterior
27003 Lugo
Tel. 982 250 169 982 254 859
Fax: 982 245 521
lugo@csi-f.es

CSI-F Unión Provincial Pontevedra
Rúa Marqués de Riestra, 18 - Entre chan
36001 Pontevedra
Tel. 986 896 900
Fax: 986 896 901
pontevedra@csi-f.es

CSI-F Unión Provincial Ourense
Rúa Progreso, 145 - Entre chan
32003 Ourense
Tel. 988 241 111
Fax: 988 213 538
ourense@csi-f.es

www.heraldtoupeiras.es



2016

